



“Xa non escribimos cartas... Mágoa. As cartas son misteriosas, traen novas, contan segredos... Cartas que veñen e van, un proxecto que integra a aprendizaxe e o ensino de todas as linguaxes cos contidos da educación infantil e do primeiro ciclo da primaria: animais domésticos e salvaxes, as cores, os contrarios, as partes do corpo, psicomotricidade, ritmos, sons...”

“Cartas que veñen e van” xunta unha serie de cartas que propoñen magníficas actividades para desenrrolar nas aulas e nos traballos colectivos, sen esquecer nunca a ilusión de recibir unha carta inesperada. Así, o poliño Pepe (no galiñeiro da casa grande, Estrada do Campo da Feria, en Rábade), a vaca Sofía que tanto ama a música (nas cortes de estabulación libre, na Serra de Outes), e moitos máis, reciben unha simpática misiva cunha canción exclusiva para cada un deles, e varias propostas de xogos e actividades que nos ensinan a aprender dun xeito divertido.

Unha posta en escena de excelente calidade que Susa Herrera agradece no propio texto a Asociación Pedagóxica Cultural Soutullo (xérmolo do mesmo), e a Mamá Cabra polo seu entusiasmo e colaboración...

- **A partir dos 4 anos**
- Editorial: **Primerapersona** (2006)
- Autor/a: **Susa Herrera con Mamá Cabra**
- ISBN: 84-95923-24-6
- Prezo: 23,00 €